

**COMUNICADO Nº 062/23****11 DE ABRIL DE 2023****ACORDO DE PARTICIPACIÓN NO CAMPIONATO GALEGO DE KARTING DA  
“ESCOLA DE PILOTOS” DE IRT**

A Federación Galega de Automobilismo e a Escudería IRT alcanzaron un acordo de colaboración, xunto con Galicia Calidade e Karting Marineda, para que dez rapaces participen no Campionato Galego de Karting de 2023 nun formato de “carreiras de exhibición”.

Este formato, non competitivo e que non contará con puntuabilidade para ningunha das categorías oficiais do certame de karting autonómico, permitirá a dez xóvenes deportistas desenrolar a súa actividade entre as mangas dos competidores federados.

O propósito desta actividade, posta en marcha pola escola de Karting IRT é mellorar a formación, a seguridade e o ocio, todo dentro dun ambiente de carreiras que poderá servir como inicio a unha carreira deportiva. Dende IRT tamén potencian a chegada de deportistas femininas a modalidade, unha das tarefas pendentes do automobilismo.

A FGA quere, con este acordo e os demais tomados anteriormente, revitalizar unha especialidade que nos últimos anos perdeu federados e que dende a Xunta Directiva, co presidente Antonio Rodríguez Troitiño á cabeza, ven como clave para o futuro do automobilismo galego.